



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 9 de setiembre 2019

19 de setembro, inicio oficial de vendima na D.O. Ribeira Sacra

O pleno do **Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra** fixa como data recomendada para o inicio xeneralizado da vendima na Denominación de Orixe, o **19 de setembro**, prolongándose previsiblemente a recollida da uva ata mediados do mes de outubro.

O martes, 27 de agosto iniciábanse os controis de maduración nas viñas, o que permitiu determinar o estado da uva e definir a data oficial para o inicio da vendima nesta campaña.

O 28 de agosto, o estado óptimo de madurez da uva nalgunhas parcelas da zona de Amandi fixo que **Adega Damm S.L.** comezase cos labores de recollida da uva, principalmente da variedade Godello.

As condicións climatolóxicas adecuadas, o estado sanitario óptimo das uvas e a gradación debida fan pensar nunha colleita excelente e superior aos 7 millóns de quilos de uva.

Nesta campaña elaborarán viño baixo o amparo da Denominación de Orixe **99 adegas** das que a data 8 de setembro, 11 estaban en vendima, 6 téñena paralizada e 1 xa finalizou. Levan recolidos **84.570 quilos**, maioritariamente Godello con 36.267 quilos e Mencía con 29.784 quilos. Na [web do C. R.D.O.R.S.](#) contarase diariamente os datos de recollida actualizados por variedades.